

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
---	--	--

FICHA RESUME

PE 403A 2008/24-5

Ano	2009
Entidade	CONFRARIAS DE PESCADORES DE RAXÓ, PONTEVEDRA E LOURIZÁN.
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime⁽²⁾	ZONA LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa fina (<i>R.decussatus</i>), ameixa babosa (<i>V.pullastra</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>), berberecho (<i>C.edule</i>), ameixa bicuda (<i>V.aurea</i>), reloxo (<i>D.exoleta</i>), chirla (<i>Ch.gallina</i>) e ⁽³⁾ cornicha (<i>Spisula solida</i>)
Ambito do plan	Zonas intermareais incluídas na parte interna da liña imaxinaria que une punta Santa Mariña, na beira norte da ría de Pontevedra coa esquina noroeste do convento sito na Punta Placeres, na zona sur da ría, e desde este punto ata o faro verde da escolleira da canalización do río Lérez.
Subzonas de explotación	Placeres, Ameixal, Puntada, Polvorín, Combarro, bancos do litoral de Samieira e Raxó



Participantes no plan de explotación		
Mariscadoras/es a pé		
439		
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	110										
Época y zona probable de extracción:											
(1) De xaneiro a decembro e tendo en conta que:											
a) maio. 6 días de actividade extractiva, ben con extracción rotatoria ou compartida de todas as zonas e zonas 6 e 7 do banco de Praceres											
b) xuño: 6 días de actividade extractiva, ben con extracción rotatoria ou compartida das seguintes zonas.											
- zonas 3, 4 e 5 do banco de Praceres											
- zonas altas de Ameixal-Polvorín, Combarro e A Puntada											
- praias menores de Raxó											
Modalidade: A PE											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X

(1) Modificado por Resolución do 23 de marzo de 2009 da Dirección Xeral de Recursos Mariños

(2) Corrección de erros da Resolución do 23 de marzo de 2009 da Dirección Xeral de Recursos Mariños

(3) Modificado por Resolución do 22 de setembro de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
---	--	--

Topes de captura:

ESPECIES	Unha	○ Dúas ou máis
Ameixa fina	4	4
Ameixa babosa	Por cada quilo que non se extrae de ameixa fina equivale a dous de babosa. Exemplo: 3 kg de fina e 2 kg de babosa.	
Ameixa bicuda	2	2
Berberecho	15/20/25	5
Reló	Estableceríase na resolución de apertura	
Ameixa xaponesa	15	10
Chirla	2	2
(³)Cornicha	2	2

O tope de **ameixa fina** quedará fixado nos primeiros meses de campaña en 2 kg/mariscadora/día ata que as condicións dos bancos que integren o plan acaden a normalidade. A cota de 4kg/mariscadora/día se poderá autorizar un máximo de 20 días.

O tope de **ameixa babosa** dependerá do tope de ameixa fina coa equivalencia de 2 kg de ameixa babosa por cada un que non se extraia de ameixa fina.

O tope de **berberecho** non poderá superar os 25 kg no banco de Placeres e 20 kg no banco de Combarro. No resto dos bancos quedará en 15 kg.

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo

Artes a empregar	Sacho, legón e angazo.
Puntos de control	Lourizán, Puntada, Polvorín, Ameixal, Ionxa de Campelo, A Oestreira (Campelo), A Reiboia (Combarro). Padrón (Combarro), A Canteira, D. Bernardo, Ouriceira, O Covelo, O Laño, O Carballo, Xiorto e Raxó.
Puntos de venda	Lonxa de Campelo

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epcas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: recuperación das zonas fangosas de Combarro con area, arados no banco de A Puntada, eliminación dos lombos de area de A Seca, Lourido e Placeres, apertura de novos boquetes no norte da escollera e afondamento de todos os existentes, adquisición de batea de preengorde de ameixa.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembr	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
⁽²⁾ Zonas: De Fontemaior, Chancelas, A Cantareira, praia do peirao de Campelo, A Oestreira, Puntada, baixo a ponte da autopista, zona 1 de Placeres hacia Xiorto, O Laño, Combarro, Ameixal, Polvorín, zonas 2, 3, 4, 5,6 e 7 de Placeres.												
Extracción de semente de ameixa xaponesa para a venda a entidades asociativas do sector que continúen o cultivo. (durante os meses de abril, maio e xuño a extracción de ameixa xaponesa para semente unicamente se realizará na zona do banco de Placeres que se corresponde coa zona GAL 10/08-02)												
Especies: todas as incluídas no plan												

(1) Modificado por Resolución do 23 de marzo de 2009 da Dirección Xeral de Recursos Mariños

(2) Corrección de erros da Resolución do 23 de marzo de 2009 da Dirección Xeral de Recursos Mariños

(3) Modificado por Resolución do 22 de setembro de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: . Ámbito do plan												
Especies: todas as incluídas no plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: ámbito do plan												
Especies: todas as especies incluídas no plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: todos os bancos aproveitando os excendentes do peneirado no punto de control.												
Especies: todas as especies incluídas no plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Limpeza de algas en todos os bancos, empregando tractores e/ou rastros.												
Limpezas de mexillón en zonas concretas.												
Arados en tódolos bancos.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Control de depredadores (<i>Cyclope neritea</i>) mediante nasas.												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

En relación coa **proposta de ampliación**,: Neste momento as condicións dos bancos non son boas por diversas causas (zonas C e riadas), polo que non se considera factible a posibilidade de novos permisos para cubrir as prazas vacantes. Ademais, é criteiro da Dirección Xeral de Recursos Mariños non incrementar o número de permisos de explotación en zonas de produción clasificadas como C.

Con respecto á **relación de participantes**, figuran persoas que non teñen renovado o permiso de explotación para o ano 2009. Esta situación foi posta en coñecemento das entidades en data 06.11.2009. Polo que unicamente poderán participar aquelas persoas que teñen o seu permiso en vigor

Con respecto á **proposta de "cambios de confrarías entre as mariscadoras/es do plan conxunto"**, acéptase tal proposta. Non obstante, farase consonte as instrucións que dite a Dirección xeral de Recursos Mariños ao respecto.

En relación coa **zona de traballo** cumpre sinalar que da información dispoñible despréndese que a confraría de Raxó non ten autorizacións ni concesións, e que a confraría de Pontevedra ten unha autorización de 289.000 m² no distrito marítimo de Sanxenxo e Marín.

Os **días máximos de extracción**, de acordo co informe técnico, redúcense a 110, quedando como figuran na ficha.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación

(1) Modificado por Resolución do 23 de marzo de 2009 da Dirección Xeral de Recursos Mariños

(2) Corrección de erros da Resolución do 23 de marzo de 2009 da Dirección Xeral de Recursos Mariños

(3) Modificado por Resolución do 22 de setembro de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños



correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Con respecto a **arte ou técnica de extracción**, aceptase que non se empregue a técnica da burata como método de extracción e infórmase que a gancha a pé non está incluída nas artes de marisqueo a pé, de acordo co establecido no artigo 118^o do Decreto 424/1993, de 17 de decembro, polo que o seu emprego require da aprobación dun plan experimental.

En relación co **horario de traballo**, acéptase que sexa como máximo de 3 horas de actividade extractiva, iniciándose a máis tardar as 14:00 horas, sempre e cando o desenvolvemento da actividade se realice no período de tempo autorizado no Decreto 424/1993 é dicir, entre 2 horas antes e dúas horas despois da baixamar diúrna, tendo como límite as 17:00 horas.

(²) A **extracción de semente de ameixa xaponesa** que sexa comercializada a outras entidades asociativas do sector para continuar o seu cultivo, deberá ter un tamaño máximo de 35 mm e respectarase o horario establecido do marisqueo a pé, segundo contempla o Decreto 424/1993, realizándose en días laborables e tendo como límite as 17:00 horas. Non se realizará a extracción de ameixa xaponesa para semente agás na zona do banco de Placeres que se corresponde coa zona GAL 10/08-2.

A extracción de semente de ameixa xaponesa mencionada pode desenvolverse durante todo o ano, pero rotando as zonas de xeito que os bancos principais queden en reposo alomenos durante un mes.

Con respecto as **labores de semicultivo**: A extracción de semente, os traslados e rareos, as limpezas de algas e os arados para acondicionar o substrato son tarefas moi necesarias para acadar unha produción óptima.

Recomendase que se fagan traslados da semente de ameixa fina existente nos bancos marisqueiros.

En relación cos **traballos de rexeneración**: tecnicamente a eliminación dos lombos de area considéranse pouco axeitados, xa que se trata dun proceso natural e ao pouco tempo están formados outra vez. Ademais os lombos, cambian de configuración nas distintas épocas do ano. Por outra banda a apertura dos boquetes e a adecuación do acceso para maquinaria requerirá dos permisos dos organismos correspondente.

No plan prevese o aporte de áridos (apartado 4.1.e), sen embargo non se especifican as zonas, cantidade de area, calendario, metodoloxía, etc., polo que calquera actuación do tipo mencionada requirirá da presentación dun proxecto axeitado que será sometido a informe técnico, e deberá contar cos permisos dos organismos correspondentes.

Para a **revalidación dos permisos de explotación** para marisqueo a pé computarán os días de realización das labores de semicultivo, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos. Acéptase a petición do colectivo de que non terán a mesma consideración a efectos de cómputo, os días adicados en exclusiva á extracción de ameixa xaponesa para venda ás entidades asociativas do sector ou concesionarios que continuarán co seu cultivo. O certificado no que se acredite a realización das labores anteriores por parte das mariscadoras detallará os días a efectos da revalidación do permiso de explotación, e virá asinado pola persoa responsable da organización dos traballos e o/a representante legal da confraría.

(1) Modificado por Resolución do 23 de marzo de 2009 da Dirección Xeral de Recursos Mariños

(2) Corrección de erros da Resolución do 23 de marzo de 2009 da Dirección Xeral de Recursos Mariños

(3) Modificado por Resolución do 22 de setembro de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Os excesos dos cupos, unha vez realizado o control, deberán ser devoltos ao mar, polo que se recomenda que establezan mecanismos para facer fronte aos gastos do punto de control.

No plan figura a posibilidade de alugar piscinas en depuradoras nas que se situaría o marisco que ese día non fora vendido por baixo prezo e en vez de ser devolto ao mar. Sen embargo cómpre aclarar que as estacións depuradoras son establecementos dotados dos medios técnicos para conseguir a eliminación de xermes patóxicos nos moluscos bivalvos destinados a consumo humano, polo que non poder ser empregadas como instalacións onde se acumulan temporalmente os moluscos para levar a cabo a súa regulación comercial.

Debería acreditarse a aprobación da proposta de plan polos órganos competentes das confrarías de Lourizán e Pontevedra que foi requirido en data 03.11.2008.